

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
(presidente)
Alberte Pivida, Rodrigo
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Bravo Bosch, María José
(secretaria)
Cuevas Alonso, Miguel
Currás Valle, María Consuelo
García González, Silvia
Lima González, Estela
López Escobar, Juan José
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do xoves, **22 de novembro de 2024**, ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 h. en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **22 de novembro de 2024** ás 09:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 27 de maio de 2024.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta ao non haber ningunha corrección á mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral en relación coas eleccións a representantes nos Consellos de Departamento da Universidade de Vigo (interpretación do artigo 61 do Regulamento Electoral Xeral).

O reitor informa sobre a interpretación do artigo 61.2 do Regulamento Electoral xeral, que estima que debería aprobarse tendo en conta as seguintes apreciacións:

Son membros natos do consello de departamento o PDI con título de doutora ou doutor e o PDI con vinculación permanente á universidade.

Son membros natos nos Consellos de departamento:

- PDI funcionario con vinculación permanente, a tempo completo ou parcial.
- PDI funcionario interino, a tempo completo ou parcial, que estea en posesión do título de doutor.
- PDI Laboral contratado pola Universidade de Vigo a tempo completo ou parcial, con vinculación permanente (profesor contratado doutor e profesor permanente laboral).
- PDI Laboral contratado pola Universidade de Vigo a tempo completo ou parcial, sen vinculación permanente (profesor contratado doutor e profesor permanente laboral), que estea en posesión do título de doutor.
- Profesorado laboral contratado pola Universidade de Vigo a tempo completo ou parcial, que estea en posesión do título de doutor.

- Axudantes con título de doutor
 - Axudantes Doutores
 - Profesorado asociado con título de doutor
 - Profesorado visitante con título de doutor
 - Profesorado de substitución con título de doutor
 - Profesorado emérito con título de doutor
 - Lectores de idiomas con título de doutor
- Persoal investigador contratado pola Universidade de Vigo a tempo completo ou parcial, que estea en posesión do título de doutor
- Persoal investigador con cargo a programas específicos de recursos humanos de investigación, con título de doutor.
 - Persoal investigador, a quen se lle aplica a Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, con título de doutor.
 - Persoal de apoio á investigación, a quen se lle aplica a Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, con título de doutor.

Polo tanto, e á vista das consultas recibidas, decídese o seguinte:

- Aclaración sobre se o persoal contratado con cargo proxectos que ao ter contrato indefinido se considera persoal con vinculación permanente.

[Ao persoal contratado con cargo a proxectos se lle aplica a normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo polo que independentemente do tipo do contrato e da dedicación \(tempo completo ou parcial\) están todos adscritos ao sector PDI-B.](#)

- Aclaración sobre se aos membros natos con contrato laboral se lle aplica o requisito de acreditar unha vinculación coa Universidade de Vigo superior a 1 ano dentro dos últimos 18 meses previos á convocatoria do proceso electoral. (artigo 3.1a) do REX).

[Aos membros natos \(PDI doutor ou PDI con vinculación permanente\), sexan a tempo completo ou parcial, non se lle aplica este requisito.](#)

- Aclaración sobre se o persoal con cargo a proxectos de investigación están adscritas ao sector PDI -B ao estar en posesión do título de doutor.

[O persoal investigado contratado pola Universidade de Vigo \(con cargo a programas específicos de recursos humanos de investigación ou que se lle aplica a normativa de contratación de persoal investigador\) que está en posesión de doutor, con independencia da súa dedicación, a tempo completo ou parcial, está adscrito ao Consello de Departamento como membro nato.](#)

Apróbase por asentimento.

3. Rogos e preguntas.

Miguel Cuevas pide ao reitor que, xa que está na Comisión de Estatutos, esas cuestións queden claras nos Estatutos, xa que nos termos de eleccións existen algunhas interpretacións diferentes e sería importante clarexalo, como por exemplo sucede cando algún profesor está fora algúns meses ou nalgúns outros casos que lle parece sorprendente.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 09:35 h. do día 22 de novembro de 2024, do que eu, como secretaria da comisión, dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral